



Departamento de Fundamentos

Programación de Introdución ao Jazz

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfno.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	3
3. Atención á diversidade.....	4
4. Temas transversais.....	5
4.1. Educación en valores	5
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)...	6
5. Actividades culturais e de promoción da ensinanza	7
5.1. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.....	7
6. Secuenciación do curso	7
6.1. Curso: 6º GP.....	7
6.1.1. Obxectivos.....	7
6.1.2. Contidos	7
6.1.3. Avaliación	8
6.1.4. Medidas de recuperación	11
6.1.5. Recursos didácticos.....	11
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	12
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	12
9. ANEXOS.....	13
9.1. Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 debida situación de pandemia por causa do Covid-19.....	13
9.1.1. Avaliación Inicial.....	14
9.1.2. Plan de Reforzo.....	14
9.1.3. Actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.....	14
9.1.4. A avaliación.....	15

1. Introducción

A formación integral do músico require unha gran variedade de enfoques estilísticos, estéticos e artísticos que amplíen o seu horizonte profesional. Ao longo do século XX, o jazz preséntase como unha manifestación musical e cultural de carácter universal en permanente estado evolutivo e con características propias en canto a estilos, procedementos harmónicos ou formacións instrumentais, converténdose nun campo de grande interese para o desenvolvemento da creatividade e da expresión musicais nas diferentes especialidades instrumentais, e especialmente para aquel alumnado coa perspectiva de acceder á especialidade de jazz no grao superior.

Esta materia terá un carácter principalmente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos teóricos previos, incluíndo aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais, sen esquecer os recursos interpretativos característicos propios do jazz en canto á articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así como a práctica da lectura á vista e o desenvolvemento da memoria sobre temas de repertorio jazzístico.

2. Metodoloxía

A clase terá unha duración de sesenta minutos e fomentarse o desenvolvemento teórico e práctico dos contidos en traballo de grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- a) Traballo de temas de repertorio jazzístico que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- b) Contextualización dos temas a través do análise e compilación de datos para o desenvolvemento da improvisación que levarán a cabo os alumnos sobre os compositores e intérpretes dos diferentes estilos do Jazz.
- c) Traballo da lectura a primeira vista.
- d) Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- e) Traballo do repertorio jazzístico en combos, ensambles ou big-band.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende os seguintes planteamentos:

- a) As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.
- b) Todos os alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
- c) As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico- social-cultural.

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a sobredotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- a) reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta

a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, a formación de grupos de alumnos e alumnas e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

- b) Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar os mesmos contidos con esixencias distintas.
- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- e) Acelerar o frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenvolvemento da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a

educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TICs, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos, e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto

musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o Google Drive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TICs empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción da ensinanza

5.1. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de jazz, sería conveniente que fose a concertos de todo tipo de estilos e manifestacións musicais.

6. Secuenciación do curso

6.1. Curso: 6º GP

6.1.1. Obxectivos

- a) Coñecer os fundamentos jazzísticos da harmonía tonal e modal e aplicalos na práctica instrumental
- b) Coñecer e aplicar de xeito práctico os fundamentos da rítmica do jazz.
- c) Coñecer e practicar as formas básicas do jazz.
- d) Improvisar melódica, rítmica e harmónicamente.
- e) Improvisar mediante o *comping*.
- f) Interpretar e improvisar de memoria temas do repertorio de jazz.

6.1.2. Contidos

- Coñecemento dos cifrados, tríadas e cuatríadas.
- Os modos na tonalidade maior. Escalas.

- Tonalidades prácticas.
- Escalas pentatónicas.
- Escala de blues
- Relación escala-acorde, análise e práctica.
- Funcións tonais.
- Secuencias básicas IIm7-V7-Imaj7 e IIm7(b5)-V7-Im
- Secuencias modais básicas.
- Harmonía modal mixta. Paralelismo maior e menor.
- Ritmo: *swing*. Articulación e acentuación.
- Fraseo e articulación: combinación silencio-interpretación no fraseo.
- Inicio e resolución da frase: *a tempo*, anticipada e retardada.
- Desenvolvemento melódico: tensión e repouso, e elementos que os producen. Tensión, clímax e resolución.
- *blues*: estrutura e tipos.
- As estruturas de 12, 16, 24, 32 compases.
- Práctica da lectura á vista.
- Interpretación e improvisación de temas de repertorio jazzístico

6.1.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Realizar progresións harmónicas tonais, analizando os cifrados e desenvolvendo as tríadas e cuatríadas utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.
- Realizar progresións harmónicas modais, aplicando as escalas respectivas e as notas que se deben evitar, utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.
- Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións, tonais e modais, coas súas respectivas inversións.
- Realizar exercicios sobre estruturas de *blues* clásicas, utilizando a escala pentatónica \flat III e a escala mixolidia.
- Desenvolver secuencias básicas II-V-I e secuencias modais básicas sobre diferentes estruturas de 12, 16, 24 e 32 compases aplicando diferentes inicios e resolucións da frase: *a tempo*, anticipada ou retardada.
- Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación a través da utilización de elementos de tensión e repouso e creando momentos de clímax e resolución nelas.
- Realizar exercicios de lectura á vista coidando a articulación, o fraseo, as dinámicas e o desenvolvemento rítmico.
- Improvisar de memoria sobre estruturas diversas e temas sinxelos de repertorio jazzístico.
- Realizar interpretacións e improvisacións melódicas, rítmicas e harmónicas sobre temas de repertorio jazzístico aplicando todos os elementos estudados de forma gradual.

Mínimos esixibles

- Acadar os obxectivos e contidos previstos para o materia
- Realizar improvisacións en tres temas do repertorio traballado durante o curso.
 - o 1ª Avaliación

- Acadar os obxectivos e contidos previstos para o materia
- Realizar improvisacións en un tema do repertorio.
- 2ª Avaliación
 - Acadar os obxectivos e contidos previstos para o materia
 - Realizar improvisacións en un tema do repertorio.
- 3ª Avaliación
 - Acadar os obxectivos e contidos previstos para o materia
 - Realizar improvisacións en un tema do repertorio.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno.
- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de Aula 80%	Audición 20%
-------------------	--------------

No caso de que o alumno, por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar a audición, a ponderación sería de un 100% para a proba de aula.

Para o cálculo das cualificacións de cada unha das partes terase en conta a seguinte ponderación:

- Criterio técnico: 40%
 - Empregar un desenvolvemento técnico acorde co nivel instrumental do curso
- Criterio interpretativo: 40%
 - Interpretar de xeito adecuado os recursos estilísticos.
- Criterio actitudinal: 20%
 - Demostrar o coñecemento dos recursos básicos do Jazz

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poida ser avaliado de maneira continua poderá realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A calibración de dita proba terá unha valoración idéntica nos tres criterios de cualificación presentados para o curso.

Probas extraordinarias

En xuño o alumno realizará un exame teórico e práctico no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos da materia.

A calibración de dita proba terá unha valoración idéntica nos tres criterios de cualificación presentados para o curso. Os criterios de avaliación serán os establecidos para o curso.

6.1.5. Recursos didácticos

- *How to improvise* Hal Crook (Ed. Advance Music)
- *Manual del músico de jazz* Roberto Somoza (Ed. Dos Acordes) *Ready, Aim, Improvise!* Hal Crook (Ed. Advance Music) *Improvisation series* R. Ricker (Ed. Advance Music)

- *Jamey Aebersold series* J. Aebersold (Ed. Jamey Aebersold)
- *Teoría musical y armonía moderna V. I y II* Enric Herrera (Ed. Antoni Bosch)
- *The New Real Book 1* (Ed. Sher Music Co.) *The New Real Book 2* (Ed. Sher Music Co.) *The New Real Book 3* (Ed. Sher Music Co.)
- *The Latin Real Book* (Ed. Sher Music Co.)
- *Real Jazz Book* (Ed. Hal Leonard)
- *Jazz Fake Book* (Ed. Hal Leonard)
- *Charlie Parker Omnibook* (Atlantic Music Corp.)

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán ao alumnado e os seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do

instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no Jazz e na música moderna, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados esuspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos/as levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

9. ANEXOS

9.1. Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 debida situación de pandemia por causa do Covid-19.

En aplicación das instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021, a partir da Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico

2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia, así como as sucesivas modificacións, establécense as seguintes directrices para a súa concreción nesta programación:

9.1.1. Avaliación Inicial.

A materia de Jazz é unha materia optativa unicamente impartida en 6º curso de Grao Profesional, polo que a avaliación inicial, tanto no caso de actividade lectiva presencial como non presencial, empregarase para analizar a situación emocional do alumno, para poder mellorar e actuar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe. A avaliación inicial quedará reflectida na primeira reunión de departamento, tras o inicio da actividade lectiva, no apartado de seguimento da programación.

9.1.2. Plan de Reforzo

Un plan de reforzo inicial non ten lugar para os propios contidos e obxectivos da materia, xa que Jazz é unha materia optativa cursada só en 6º curso de Grao Profesional. Mais, no caso de que a actividade lectiva pase a ser semi-presencial ou non presencial, poñerase en marcha o plan de reforzo e as estratexias didácticas descritas no apartado seguinte.

9.1.3. Actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.

Se a actividade lectiva pasase a semi-presencial ou non presencial para algún alumno, o seguimento do alumnado e as clases realizaranse a través da **AULA Virtual** facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e FP e a plataforma de **CentrosNet** do centro, así como aplicacións para a realización de clases ou envío e recepción de materiais, no caso de ser necesarias estas últimas. As aplicacións empregadas serán **Falemos** ou **Webex Xunta**.

Empregaranse estas ferramentas para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumno e a comunicación fluída co profesor, na medida das posibilidades do mesmo.

As clases non presenciais realizaranse, na medida do posible, durante o

horariolectivo asignado para cada alumno ou alumna.

O profesor poderá adaptar os contidos e obxectivos relativos ao traballo en grupo empregando os medios dixitais.

O traballo da materia de Jazz depende moito da interacción entre os compoñentes do combo ou banda. Durante períodos de clases non presenciais o traballo será individual, polo que son necesarias novas estratexias de ensinanza-aprendizaxe, polo que haberá dous enfoques de traballo principais:

- a) A través dos recursos: empregárase a bibliografía e medios dixitais para fomentar a capacidade analítica e de autonomía no traballo da materia blogs, tutoriais, creación de redes de aprendizaxe, *backing tracks*, ferramentas de práctica coma iReal pro, etc. As actividades propostas xirarán en torno á visualización e análise crítico do alumnado devídeos de grandes intérpretes, tanto da técnica como da musicalidade e da propia obra. Estas actividades estarán guiadas polo profesor a través da aula virtual ou dos medios que se consideren necesarios, plasmándose en traballos escritos, así como aplicación directa no traballo práctico por parte do alumnado.
- b) A través de sesións de práctica: para mellorar a calidade do estudo da materia co instrumento e a aplicación práctica dos conceptos aprendidos, o profesor elaborará sesións de estudo que compartirá en streaming ou a través dos medios dixitais antes citados e verificará a evolución mediante a corrección de vídeos que elaborarán os alumnos.

9.1.4. A avaliación.

A avaliación, no caso de non presencialidade realizarase mediante as ferramentas antes mencionadas:

- Os criterios de avaliación serán os mesmos que figuran para o curso, coa excepción dos relativos á práctica de conxunto e á interpretación en público, que non se tomarán en consideración.
- No relativo aos mínimos esixibles para aprobar o curso non se contemplará a realización de audicións.



- Os procedementos e ferramentas de avaliación contemplados adaptaranse medianteo uso das tecnoloxías dixitais.
- A proba de aula será substituída por unha gravación en vídeo ou será realizada durante unha conexión telemática.
- Os criterios de cualificación serán os que figuran para cada curso, pero a proba de aula ponderará co 100% da nota.
- Para os procedementos de recuperación ordinarios, como os de xuño, a proba teráos mesmos criterios de cualificación que figuran en cada curso, aínda que poderá realizarse mediante unha gravación en vídeo ou será realizada durante unha conexión telemática.